

XANEIRO  
2023



## Intencións realizadas que nos unen en Os Cotos



Empezamos como unha gran familia en Os Cotos e botando unha man entre todos fomos dándolle forma dalgunha maneira facendo cousas que nos unen.

Estas son algunhas:

- \* Catequese continua de nenos dende fai máis menos 18 anos, coas súas excursións dende 2006
- \* Catequese para pais de bautizo e parellas a casar.
- \* Atención de Cáritas, os xoves, na reitoral
- \* Visitas a maiores polo nadal e a pascua
- \* A vixilia pascual no pavillón dende 2005 ou 2006
- \* A folla parroquial todos os meses dende febreiro de 2006 (imos na 203)
- \* Entrega polo nadal dunha postal (máis de 500) feita a man dende 2006
- \* Beléns nas igrexas, uns tradicionais e outros con acontecementos do ano
- \* Traballo importante nas celebracións de Pascua, Advento e Coresma, cos seus taboleiros
- \* O día do Perdón, Vía Crucis, novenas e oitavarios ...
- \* A Paxina Web na que podemos ter toda a información mensual e semanal, dende marzo do 2015. Isto abriunos as portas no tempo de pandemia a poder ter todas as celebracións nas nosas casas e seguir facendo igrexa unidos.
- \* Tamén podemos presumir das nosas celebracións da palabra que se fan dende 2004, e porque non dicilo, dar grazas tanto ás persoas que participan como ás que as celebran.
- \* Festa de Os Cotos o 15 de agosto (xa vivimos a XII)
- \* Grandes colectas (entre todas máis de 25.000 euros) Kasempa e Kamakechi, repatriar o cadáver de Cissé, Haití, Pakistán, Filipinas, Palma, Ucraña, ...



203 Folla  
informativa para  
a comunidade  
cristiá

(Continúa na terceira páxina desta folla parroquial)

**"Un contiño para vivir"****"UN SITIO ONDA A ESTRELA DO NADAL"**

Despois do almorzo, mamá empeza a desarmar a árbore de Nadal, tarefa de todos os anos que prefire facer ela soa. Vai retirando un por un os adornos, e contempla por un instante aqueles que fixemos os seus fillos cando eramos pequenos. Despois, mentres cantaruxa as súas panxoliñas preferidas, envolve cada obxecto e colócao con delicadeza nunha vella caixa de cartón. Deixa para o último a peza que coroa a árbore: unha estrela sinxela, non por iso menos prezada, que apunta ao ceo e lémbra-nos a todos que a luz de Cristo, ilumina o Nadal no noso fogar.

Este é o último adorno que envolve, e o que queda máis arriba na caixa, para que o ano próximo sexa a primeira luz de Nadal que se acenda. Pero hai outro adorno: unha cadea de cartolina, de eles vermellos e verdes que son tiras unidas a man polos seus extremos. Apenas alcanza para rodear a punta da árbore, e os seus elos engurrados e descoloridos, reparados con cinta adhesiva e pegamento, revelan anos de uso.

Mamá aínda non o sabe, pero unha vez, hai moitos anos, estiven á observar desde o outro cuarto mentres retiraba a cadea da árbore con sumo coidado, elo por elo. Despois de mirala uns instantes, colocouna nunha caixiña branca, asegurou a tapa con cinta adhesiva e dixo con emoción: – «Aínda non termino de gardarte e xa quero verte outra vez». Gardou a caixiña branca dentro da máis grande, deixando o espazo preciso para a estrela, e logo puxo esta ao seu lado. Por último selou a caixa grande e arrastrouna ata o pé da árbore para que alguén lla levase despois ao faiado. Nese momento entrei no cuarto e ofrecínme a levala eu. – «Si, grazas» -respondeume-. «Xa está lista, pero non se che vaia a caer.» Ao mirala aos ollos deime conta de que contivera as bágoas, e un leve sorriso aínda lle iluminaba o rostro.

Subín a caixa ao faiado e deseguido púxenme ao choio para descifrar o misterio que presenciara. Quitei a cinta adhesiva que selaba a caixa e, rápido para que ninguén me descubrise, saquei a caixiña branca para que lle dese a luz. Alí estaba a resposta á miña curiosidade, o motivo de tantos coidados, o espazo reservado xunto á estrela e, sobre todo, o sentido do Nadal no noso fogar. Sobre un costado da caixa, unha manciña de cinco anos escribira a lapis, con letra desemparella: «Erick». O meu irmán menor, Erick, non chegou a vivir o suficiente para ver o seu sexto Nadal nin o seu adorno colgado na árbore, pero mamá reserva para el un sitio xunto á estrela todos os anos. Consérvao en bo estado, como a toda a familia, e con mans cansas e un amor do que só é capaz unha nai, mantén unidos os elos da cadea.

- Agora que cheguei a adulto e son pai, finalmente entendo o que significa «unión».


**Atopa as cinco diferenzas****CONSELLO**

**"O sorriso costa menos ca electricidade e dá máis luz.",**  
**Proverbio escocés**  
 San Agostiño (354-430)  
 Bispo e filósofo

**"Un contiño para vivir"****"UN SITIO ONDA A ESTRELA DO NADAL"**

Despois do almorzo, mamá empeza a desarmar a árbore de Nadal, tarefa de todos os anos que prefere facer ela soa. Vai retirando un por un os adornos, e contempla por un instante aqueles que fixemos os seus fillos cando eramos pequenos. Despois, mentres cantaruxa as súas panxoliñas ar.

Atopa as cinco diferenzas



## SANTO PARA O MES en xaneiro, día 2, BASILIO

Nome de orixe grega, de "basileios". Era un termo empregado en grego para dirixirse a un emperador. Significa rexio, maxestuoso.

É un nome moi frecuente nas igrexas de orixe ortodoxa, pois foi difundido por esta, e especialmente en Rusia, onde Vassili (forma rusa de Basilio) é segundo máis popular despois de Iván.

San Basilio o Grande (Magno) foi un gran teólogo, de quen é a famosa frase: o que teña máis camisas na habitación das que necesita é un ladrón, porque pertencen aos pobres.

Naceu no 329 en Cesarea (Palestina), foi monxe, e nomeado bispo en Grecia. A súa festa é o 2 de xaneiro.



CONSELLO

"O sorriso costa menos ca electricidade e dá máis luz.",  
Proverbio escocés  
San Agostiño (354-430)  
Bispo e filósofo

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



## Intencións realizadas que nos unen en Os Cotos



Empezamos como unha gran familia en Os Cotos e botando unha man entre todos fomos dándolle forma dalgunha maneira facendo algunhas cousas que nos unen. (continuamos o dito na portada desta folla parroquial)

Estas son algunhas máis:

- \* Presentación da Unidade Pastoral de Os Cotos en lugares importantes:
  - + No encontro diocesano do sínodo de Tui-Vigo
  - + Na formación permanente dos curas da diocese de Tui-Vigo
  - + No encontro de curas de toda Galiza en Poio
  - + No seminario maior de Vigo
  - + No encontro de crentes do rural galego en Santiago
  - + No encontro de Faiga (fagamos igrexa galega) en Santiago para toda Galiza
- \* Presentación das contas de cada parroquia e Fondo Común de Os Cotos

Estas son algunhas das moitas cousas que se fan e seguro que quedan outras moitas sen dicir.

Tamén dar grazas polo traballo que os párrocos Andrés e Gonzalo fan posible (sen esquecer a Lence que nos acompañou en boa parte deste camiñar). É de agradecer ter a estas persoas que se unen ás nosas familias facendo así unha gran familia que é a Familia de Os Cotos. Grazas.



### **LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XANEIRO**

DÍA 1	LECTURA	Ef 1, 3-6. 15-18	Teño oído falar da vosa fe en Xesús
	EVANXEO	Xn 1, 1-5. 9-14	Deus plantou a súa tenda entre nós
DÍA 8	LECTURA	Is 42, 1-4. 6-7	Eu, o Señor, chameite e collinte pola man
	EVANXEO	Mt 3, 13-17	Este é o meu Fillo benquerido, escoitádeo
DÍA 15	LECTURA	Is 49, 3. 5-6	Convértote en luz para todos os pobos
	EVANXEO	Xn 1, 29-34	Eu vino, e este Xesús é o Fillo de Deus
DÍA 22	LECTURA	1 Cor 1, 10-13. 17	Unidos a Cristo, lonxe das divisións
	EVANXEO	Mt 4, 12-23	Xesús anuncia a Boa Nova, e convídanos
DÍA 29	LECTURA	Sof 2, 3; 3, 12-13	Buscade o Señor na xustiza e na humildade
	EVANXEO	Mt 5, 1-12	As benaventuranzas, camiño a facer crible

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



## Intencións realizadas que nos unen en Os Cotos



Empezamos como unha gran familia en Os Cotos e botando unha man entre todos fomos dándolle forma dalgunha maneira facendo algunhas cousas que nos unen. (continuamos o dito na portada desta folla parroquial)

Estas son algunhas máis:

- \* Presentación da Unidade Pastoral de Os Cotos en lugares importantes:
  - + No encontro diocesano do sínodo de Tui-Vigo
  - + Na formación permanente dos curas da diocese de Tui-Vigo
  - + No encontro de curas de toda Galiza en Poio



## Unhas palabras do Papa Francisco

Nadal: Deus planta a súa tenda entre nós  
Xesús nace entre nós, é "Deus con nós". Ven para acompañar a nosa vida cotiá, para compartir todo con nós, alegrías e penas, esperanzas e fracasos. Ven coma un neno indefenso. Nace no frío, pobre entre os pobres. Necesitado de todo, chama á porta do noso corazón para encontrar calor, amparo e acollida.

### LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XANEIRO

DÍA 1	LECTURA	Ef 1, 3-6. 15-18	Teño oído falar da vosa fe en Xesús
	EVANXEO	Xn 1, 1-5. 9-14	Deus plantou a súa tenda entre nós
DÍA 8	LECTURA	Is 42, 1-4. 6-7	Eu, o Señor, chameite e collinte pola man
	EVANXEO	Mt 3, 13-17	Este é o meu Fillo benquerido, escoitádeo
DÍA 15	LECTURA	Is 49, 3. 5-6	Convértote en luz para todos os pobos
	EVANXEO	Xn 1, 29-34	Eu vino, e este Xesús é o Fillo de Deus
DÍA 22	LECTURA	1 Cor 1, 10-13. 17	Unidos a Cristo, lonxe das divisións
	EVANXEO	Mt 4, 12-23	Xesús anuncia a Boa Nova, e convídanos
DÍA 29	LECTURA	Sof 2, 3; 3, 12-13	Buscade o Señor na xustiza e na humildade
	EVANXEO	Mt 5, 1-12	As benaventuranzas, camiño a facer crible